

O fundamentalismo evanxélico e a política exterior de EEUU

Jared D. Larson

A propósito da política exterior, non cabe dúbida que existe un posible senfín de factores que poden influír nos políticos que participan na súa elaboración. Ao longo de case todo o século XX, a ideoloxía política exerceu unha influencia moi marcada en tódalas políticas e posicionamentos das grandes potencias mundiais. Pero, despois da caída do Muro de Berlín, a relixión xurdiu como factor moi destacado, tanto que algúns aseguraron que unha nova “guerra fría” enfrontaría o Occidente (ou cando menos a EEUU) e o Islam⁽¹⁾.

Por iso, dentro do que se coñece como Occidente, véñense estudando moito as posibles influencias da relixión na política exterior, pero case en exclusiva as posibles influencias do Islam nas posturas dos países musulmáns e, en cambio, relativamente pouco sobre a influencia do cristianismo na política exterior occidental en xeral, e na estadounidense en particular. Por ende, haberá que determinar que papel desempeña a relixión na política exterior en EEUU.

Dende a inauguración do mandato de George W. Bush como cuadraxésimo terceiro presidente de Estados Unidos e, sobre todo, a partir do 11-S, centenaes de libros e artigos saíron na prensa mundial sobre o papel da relixión na vida e na política do actual presidente. O problema coa maioría dos libros e artigos publicados sobre o tema é que non analizan a fondo a relación entre o cristianismo e a política exterior de EEUU. Por exemplo, poucos fixeron caso ao vínculo histórico existente entre o fundamentalismo evanxélico (do que son fieis Bush e millóns de americanos) e o sionismo, que di moito sobre a política exterior estadounidense desde 1948 ata hoxe, independentemente das crenzas daquel que ocupe a Casa Branca.

Dende o seu nacemento como nación ata a actualidade, Estados Unidos mantivo sempre unha cultura influída pola relixión e, especialmente, polo cristianismo protestante. En EEUU, “(d)os seus 281 millóns de habitantes, 168 millóns forman parte dalgunha igrexa e 158 millóns se declaran cristiáns. Máis de 200 canais de televisión e unhas 1.500 emisoras de radio basean a súa programación na Biblia”⁽²⁾. Dado o peso destes datos, non cabe dúbida que a relixión exerce unha influencia moi marcada en tódolos ámbitos da vida cotiá estadounidense, incluído o mundo político, o que implicaría que as fortes crenzas relixiosas do presidente non son un fenómeno estraño e illado.

(1) HUNTINGTON, Samuel P.: *The Clash of Civilizations and the Remaking of World Order*, Touchstone, New York, 1996, pp212-213 e ANONYMOUS (SCHEUER, Michael): *Imperial Hubris: Why the West is Losing the War on Terrorism*, Brassey's, Inc, Washington DC, 2004, pp249-250.

(2) GONZÁLEZ, Enric: *La fe marca el paso de Bush*, El País, 12/02/2003, p4.

De feito, varios autores e periodistas de numerosos países sinalaron a importancia de ser relixioso para poder ser presidente dun país tan poderoso e tan cristián, como EEUU. O ensaísta británico Martin Amis sinalou que “todos os presidentes de Estados Unidos (...) teñen que ser relixiosos ou finxir que o son”⁽³⁾. Polo tanto, debido a que o 95% dos fundamentalistas apoian e confían no actual presidente, e dado que tenden a ser moi absolutistas, a non cambiar de opinión e a actuar como grupo unido, están moi asentados no partido Republicano e xa son absolutamente necesarios para a súa supervivencia. A ultradereita relixiosa, por conseguinte, forma parte do núcleo duro do actual partido conservador. Non falta quen diga que a reelección de Bush no 2004 non sería posible sen o voto fundamentalista⁽⁴⁾.

O poder presidencial e a política exterior

É importante destacar que na práctica da elaboración da política exterior estadounidense, o presidente goza dun monopolio do poder no proceso. Por exemplo, é evidente que, segundo a Constitución, os poderes da política exterior son compartidos entre o presidente e o Congreso. Pero na historia de EEUU, é dicir, dende a administración de George Washington, a práctica demostrou un desprazamento do poder do Congreso cara o Executivo como consecuencia de varios fenómenos; o máis influente son os numerosos precedentes executivos históricos⁽⁵⁾.

Quizáis, o precedente histórico máis exemplar dese desprazamento de poder do Congreso ao Executivo, é o emprego do chamado Executive Agreement (acordo executivo). Este acordo executivo é unha acción directa do presidente que, segundo o dereito internacional, obriga ao país, pero que se establece sen a intervención, nin siquiera a autorización, do Congreso⁽⁶⁾. Entre 1789 e 1980, o Congreso ratificou 1.359 tratados mentres que o Executivo asinou 9.951 acordos executivos. Deses números resulta que un 88% de todos os pactos internacionais dos que EEUU é parte, non contaron con ningún tipo de control lexislativo sobre o presidente.

Un bo exemplo deste tipo de acordo é o que se celebrou entre o presidente McKinley e o Goberno español, que estableceu os termos do final da Guerra Hispano-americana de 1898⁽⁷⁾ e que, segundo o costume interno estadounidense, foi un acordo executivo. Para España foi o denominado “Tratado de París do 10 de decembro de

(3) AMIS, Martin: *En el Palacio final*, El País, 11/03/2003, p15.

(4) BLUMENTHAL, Max: *The Christian Right's Humble Servant*, Alternet, 15/11/2004, <http://www.alternet.org/election04/20499/>.

(5) McCORMICK, James M.: *American Foreign Policy and American Values*, F.E. Peacock Publishers, Inc, Itasca, Illinois, 1985, p162.

(6) SHAW, Malcolm N.: *International Law*, fourth edition, Cambridge University Press, Cambridge, 1997, p117.

(7) McCORMICK, James M.: *American Foreign Policy and American Values*, F.E. Peacock Publishers, Inc, Itasca, Illinois, 1985, pp166-167.

1898”, e é o exemplo dun título de soberanía que representa a transferencia de territorio español aos Estados Unidos⁽⁸⁾.

Entón, o que é un acordo executivo para EEUU ten os mesmos efectos cun tratado internacional bilateral e implica dereitos e obrigas moi importantes para as dúas partes. Outro exemplo clave xurdiu en 1948. Por motivos numerosos (un deles explicárase profundamente máis adiante), o presidente Harry S. Truman, mediante un compromiso oral, comprometeu a EEUU a defender ao novo Estado israelí. Ese compromiso codificouse posteriormente na relación entre EEUU e Israel, mediante un acordo executivo⁽⁹⁾. O perigo obvio que existe é que non hai ningún control parlamentario neste proceso que ao final obriga ao país internacionalmente. O mencionado acordo de Truman pactado con Israel, por exemplo, realizouse en segredo, sen que Truman dixera nada a ningún membro da súa Administración nin ao Congreso⁽¹⁰⁾.

É a combinación desta liberdade presidencial no ámbito internacional e a posible influencia da opinión pública (co movemento evanxélico, quizais, como voz máis poderosa actualmente), o problema que nos concerne agora.

Os intereses relixiosos e étnicos e a diplomacia estadounidense

A opinión pública, evidentemente, non é soamente unha masa de voces individuais. A opinión pública consolídase e mobilízase a través dos grupos de interese e os partidos políticos⁽¹¹⁾. Acerca dos partidos políticos, nos sistemas multipartidistas, os partidos dispoñen de máis influencia na discusión e na elaboración da política exterior. En cambio, baixo un sistema bipartidista, como é o estadounidense, dada a concentración de poder presidencial, normalmente hai pouca polarización entre os dous partidos sobre temas internacionais⁽¹²⁾.

Sen embargo, é evidente que entre os republicanos e os demócratas hai posturas diferentes aínda en asuntos internacionais. Por exemplo, as críticas a Bush polo fracaso da ocupación de Iraq son moi frecuentes e cada día máis duras. Pero, a pesar de todo, mantense a tradición americana de que os partidos traballan xuntos para resolvelos problemas internacionais⁽¹³⁾. Entón, dada a natureza do sistema americano, aquí pasamos por alto os papeis particulares dos dous partidos e nos centraremos na influencia dos grupos de interese.

(8) CAMPOS GONZÁLEZ, J.D., SÁNCHEZ RODRÍGUEZ L.I. e SÁENZ DE SANTA MARÍA, P.A.: *Curso de Derecho Internacional Público*, Civitas, Madrid, 2002, p554.

(9) McCORMICK, James M.: Op.Cit., p168.

(10) PRICE, Randall: *Fast Facts on the Middle East Conflict*, Harvest House, Eugene, Oregon, 2003, pp42-43.

(11) HOLSTI, K.J.: *International Politics: A Framework for Analysis*, Prentice Hall, Englewood, New Jersey, 1995, p265.

(12) JENSEN, Lloyd: *Explaining Foreign Policy*, Prentice-Hall, Englewood Cliffs, New Jersey, 1982, pp135-137.

(13) McCORMICK, James M.: Op.Cit., p258. Cita as palabras de Reagan de abril de 1984: “We must restore bipartisan consensus in support of US foreign policy. We must restore America’s honorable tradition of partisan politics stopping at the water’s edge”.

Os grupos de interese teñen dúas funcións principais. A primeira é premer no Executivo e/ou no Legislativo para conseguila aprobación de políticas de acordo coas súas ideas e intereses. É dicir, a través dun efecto indirecto, de presión en certos casos, intentan influír (*lobby*) nas políticas do país. A segunda función é informar ao público, e intentar ata certo punto, influír tamén nel.

O impacto do esforzo deses grupos, aínda sendo máis marcado que o da opinión pública en xeral, é limitado, dado que non dispón de ningunha posición de autoridade na elaboración da política exterior. Mentres a función principal da opinión pública, na práctica, é fixar os límites das políticas, os *lobbies* intentan persuadir, dunha maneira directa, aos políticos que as formulan. A eficacia dos *lobbies* depende moito dos vencellos ideolóxicos que existen entre os políticos, a opinión pública e os grupos mesmos. Tamén, como outro límite á eficacia deses grupos, cómpre sinalar a influencia doutros grupos que serve de contrapeso á influencia doutros, polo conflito de intereses existente entre eles⁽¹⁴⁾.

Os grupos máis eficaces tenden a ser os que contan cunha vinculación estreita e/ou un interese moi especial nun tema ou nunha causa en particular. Deben demostrar por qué a súa voz é importante tanto para persuadir aos políticos como á opinión pública. Os grupos máis influentes son os que, aparte de ter unha destreza particular, están vencellados a terceiros países a través da identidade étnica e/ou unha ideoloxía en particular. Os grupos deste tipo se denominan *Linkage Groups*. Estes grupos internos poden influír na decisión do goberno do seu estado para aprobar políticas dacordo cos fins de terceiros estados. A veces, as decisións no ámbito da política exterior se toman nun sentido determinado soamente para aplacar aos denominados *linkage groups*. Os políticos poden abusar deses grupos étnicos ou ideolóxicos para conseguir os seus propios fins e intereses, pero a longo prazo, os grupos exercen unha influencia notable na formulación da política exterior⁽¹⁵⁾.

A situación en EEUU se adecúa perfectamente a esta teoría. Hai numerosos grupos de interese de índole variada, cuns fins que son moi distintos nalgúns casos, pero moi matizados noutros. Entre as diversas categorías de grupos con intereses internacionais, tales como *lobbies* comerciais, laborais ou agrícolas, aquí se fará referencia ao alcance das organizacións relixiosas e aos grupos étnicos.

Varios grupos cristiáns expresaron a súa opinión a propósito da política exterior. O grupo con máis peso tradicionalmente é tamén o grupo menos unido, *The National Council of the Churches of Christ in the USA*. É difícil que este grupo exerza unha influencia moi destacada, a pesar de estar integrado por numerosos grupos protestantes, xa que sosteñen puntos de vista diverxentes acerca de moitos temas⁽¹⁶⁾. En breve se desenvolverán cales son os obxectivos internacionais principais dalgúns gru-

(14) McCORMICK, James M.: Op.Cit., p264 e p272.

(15) JENSEN, Lloyd: Op.Cit., pp138-139.

(16) KIMBALL, Charles: *When Religion Becomes Evil*, Harper, San Francisco, California, 2002, pp198-199; ver tamén: JENSON, Joseph: *What are They Saying about Armageddon?*, Currents in Theology and Mission, vol 13, nº 5, outubro de 1986, pp299-300.

pos evanxélicos, dada a súa tendencia ao fundamentalismo radical e os vencellos que manteñen co sionismo e o *lobby* xudeu.

Como Estados Unidos é un país de inmigrantes, existen grupos con vencellos con terceiros Estados e varios grupos étnicos que gozan dunha influencia respectada na política exterior. Nalgúns casos, eses grupos actúan como unha verdadeira fonte da política exterior estadounidense. Para eles, a postura do goberno estadounidense cara certas rexións ou países en particular é o tema máis importante e define as metas de cada grupo. Identifícanse entre os grupos máis influentes en EEUU aos irlandeses, os gregos, os latinoamericanos e os afroamericanos⁽¹⁷⁾. Pero, sen dúbida, o grupo étnico con máis peso e posibilidades de influír nas políticas e posturas estadounidenses é o *lobby* israelí-sionista.

O *lobby* xudeu

A comunidade xudea en Estados Unidos sempre tivo moito éxito en conseguir tanto axuda económica como militar para o Estado de Israel dende o acordo executivo de Truman de 1948. Explícase a eficacia dese grupo étnico e relixioso pola súa organización. Existe unha “pirámide estrutural de niveis múltiples” que une as distintas comunidades xudeas individuais de todas partes do país aos grupos de interese xudeus, como a *Conference of Presidents of Major Jewish Organizations* ou o *American-Israel Public Affairs Committee (AIPAC)*, con base en Washington DC e Nova York, respectivamente⁽¹⁸⁾.

É a través desa rede que o movemento pro-Israel pódese mobilizar, reaccionar e influír no nivel nacional, cando xurdan asuntos que afecten ao Estado israelí⁽¹⁹⁾. Aparte da organización interna, outros catro motivos serven para explicar a eficacia da influencia dos xudeus á hora de formular varias políticas estadounidenses.

En primeiro lugar, o AIPAC ten un bo acceso a numerosos membros do Congreso e, dependendo do presidente, tamén bo acceso ao Executivo. O AIPAC serviu como catalizador na aprobación de moita lexislación pro-israelí. O exemplo máis claro foi a denominada Emenda Jackson ao Trade Act of 1974. Esa lexislación impediu que Estados Unidos mantivera relacións comerciais favorables con calquera país que non tivera unha política de libre emigración, e fora dirixida abertamente cara a URSS, para expresar a súa obxección á política en contra da emigración xudea. Esta emenda gozou dun amplo apoio do Senado. Ao longo dos anos 70, o Senado en xeral apoiaba

(17) McCORMICK, James M.: Op.Cit., pp261-262 e pp270-271; HOLSTI, K.J.: Op.Cit., pp265-266; JENSEN, Lloyd: Op.Cit., p138.

(18) O AIPAC é un lobby coa finalidade de protexer os intereses de Israel a través do seu acceso ao goberno estadounidense. Os seus representantes falan dunha especie de acordo coa doutrina fundamentalista cristián, que examinaremos enseguida, mentres xeran apoio dos congresistas e o presidente a través de contribucións ao partido republicano. Véxase HALSELL, Grace: *Prophecy and Politics: Militant Evangelists on the Road to Nuclear War*, Lawrence Hill & Company, Westport, Connecticut, 1986, pp166-167.

(19) McCORMICK, James M.: Op.Cit., pp271-272.

toda a lexislación pro-israelí, co 84% dos senadores votando a favor daquela lexislación, sen importar o partido político⁽²⁰⁾.

Outro motivo que explica as influencias do *lobby* xudeu é a simpatía que ten o pobo estadounidense cara o pobo xudeu. A situación difícil que sufriu aquel pobo ao longo da historia xerou un apoio latente pero amplo. Tal apoio facilitou que os asuntos internacionais que afecten a Israel sexan importantes para moitos estadounidenses. Tamén moitos americanos e os membros do Congreso que lles representan, defenden a Israel por motivos políticos. Apoiase ao Estado israelí porque, a pesar das súas dificultades históricas, chegou a ser o único Estado “democrático” na rexión⁽²¹⁾.

En terceiro lugar, de acordo coa teoría de que os políticos poden manipular ao electorado e/ou aprobar políticas para aplacar ao público, o apoio a Israel xérase por consideracións electorais internas. A comunidade xudea en EEUU constitúe soamente un tres por cento da poboación, pero hai concentracións de cidadáns xudeus en varios “estados clave” na costa este: California, Illinois e Ohio. A comunidade xudea tradicionalmente foi moi activa politicamente⁽²²⁾. Como consecuencia, o voto xudeu é moi importante tanto nas eleccións presidenciais como nas do Congreso.

Como se acaba de sinalar, os grupos de interese que tenden a ser máis eficaces son os que posúen o monopolio do coñecemento nun tema determinado, os que teñen vencellos con terceiros Estados, e os que non se enfrontan con outro grupo que faga contrapeso á súa influencia. En Estados Unidos, os grupos xudeus cumpren eses requisitos e, ademais, como cuarto motivo que explica a súa influencia na política exterior estadounidense, teñen a axuda dun movemento poderoso que comparte os seus motivos, sen esperar os mesmos fins: o movemento cristián evanxélico.

O enlace ideolóxico entre o fundamentalismo cristián e o pobo xudeu

Por se o *lobby* xudeu necesítase máis influencia, a súa estraña e sospeitosa unión co movemento evanxélico, a aumenta aínda máis. Forman unha alianza que persegue un fin común, que é a seguridade para o Estado israelí pero, ao fin e ao cabo, os evanxelistas esperan a destrución (ou a conversión relixiosa) do pobo xudeu e do mundo, que terá lugar o Segundo Advenimento. Parece increíble que a esperanza na Segunda Vinda do Mesías poida ser un factor político de importancia nun país desenvolvido no século XXI, pero as cifras non menten.

En EEUU, un país con arredor de 280 millóns de habitantes, uns 171 millóns son cristiáns. Un 47% da poboación afirma que asiste a un culto relixioso unha vez á semana⁽²³⁾. Un 46% identifícase como cristián “renacido” ou “evanxélico⁽²⁴⁾”; entre esta

(20) HOLSTI, K.J.: Op.Cit., p265.

(21) McCORMICK, James M.: Op.Cit., p272.

(22) HOLSTI, K.J.: Op.Cit., p265.

(23) *The Fight for God*, The Economist, vol 365, nº 8.304, 21/12/2002, p62.

(24) KRISTOF, Nicolas D.: *God, Satan and the Media*, The New York Times, 04/03/2003, pA25.

parte do pobo estadounidense inclúense os presidentes Bush fillo, o xa falecido Ronald Reagan e Jimmy Carter. Ata un 62% da poboación cre que Xesucristo volverá, literalmente, á Terra⁽²⁵⁾ e un 59% cre que a Apocalipse sucederá⁽²⁶⁾.

Pero, se soamente un tres por cento dos estadounidenses é xudeu e a maioría da poboación é abertamente cristiá, ¿qué intereses comúns pode haber entre eles? Aos grupos xudeus en EEUU preocúpalles moito o que sucede en Israel e, por iso, elixen aos políticos que apoian ao Estado israelí, a través da lexislación. É un tema que tamén interesa aos evanxélicos porque, segundo as súas doutrinas e interpretacións literais da Biblia, a Segunda Vinda non pode ocorrer ata que o Estado israelí recupere a plenitude⁽²⁷⁾. É dicir, ata que a poboación xudea recoeque a Terra Prometida.

Hai unha serie de *dispensations* (dispensas) ou pasos no proceso que culmina na Segunda Vinda, que deben darse para que Deus poida establecer o seu “Reinado de Mil Anos na Terra”: despois da batalla final, a Apocalipse. A serie que, no seu conxunto, se define como a Gran Tribulación de Deus, durará sete anos⁽²⁸⁾. Para os evanxélicos, o establecemento de Israel en 1948 indica que, en calquera momento, a Tribulación pode comezar, e por iso hai que protexer ese Estado. Algunhas refírense ao Estado israelí como o “reloxo de Deus”⁽²⁹⁾.

A “teoría” que xustifica o apoio cristián a Israel baséase, como é lóxico para os fundamentalistas, soamente na Biblia que, para eles, non é un reflexo da vontade de Deus, nin do seu plan para a humanidade, senón a palabra de Deus⁽³⁰⁾. Como algúns autores alegan, se un 30% da Biblia trata da profecía, ¿qué dúbida cabe de que vai ser un tema importante para moitos cristiáns que se adhíren a esta doutrina?

Un sinal de que a Tribulación está a punto de empezar, como se dixo, é o regreso do pobo xudeu á Terra Prometida por Deus, e remata coa destrución do mal e o establecemento do reino de Xesucristo na Terra. Os fundamentalistas citan os versículos do Xénese (12:1-7; 15:4-7; 17:1-8), do Levítico (22:44-45) e do Deuteronomio (7:7-8), entre outros, para demostrar a súa teoría⁽³¹⁾. Dada a importancia do pobo xudeu para Deus, os cristiáns deben facer un esforzo para que a vontade do Señor poida realizarse.

Entón, por exemplo, os cristiáns fundamentalistas tenden a apoiar calquera proxecto israelí para aumentar o control xudeu sobre as terras palestinas. Segundo, moitos fundamentalistas, para controlar toda a Terra Prometida, o pobo xudeu debe

(25) WACKER, Grant: *Planning Ahead: The Enduring Appeal of Prophecy Belief*, The Christian Century, 19/01/1994, p48.

(26) *Behold the Rapture*, The Economist, vol 364, n° 8.287, 24/08/2002, p27.

(27) GONZÁLEZ, Enric: Op.Cit., p4.

(28) WACKER, Grant: Op.Cit., p48.

(29) LaHAYE, Tim e JENKINS, Jerry B.: *Are We Living in the End Times?*, Tyndale House Publishing, Wheaton, Illinois, 1999, pp47-49.

(30) HALSELL, Grace: *Forcing God's Hand: Why Millions Pray for a Quick Rapture and Destruction of Planet Earth*, Amana Publishing, Beltsville, Maryland, 2002, p138.

(31) WAGNER, Donald: *The Evangelical-Jewish Alliance: Marching to Zion*, The Christian Century, 28-/06/2003, p21. Por exemplo, Ezequiel (36:8) di: “E vós, montes de Israel, ides botar as vosas ramas e a producir os vosos froitos para o meu pobo Israel, porque está a punto de volver”.

controlar toda a cidade de Xerusalén, incluso o que é hoxe a mesquita de Al-Aqsa, un dos lugares máis sagrados do Islam. Isto é así porque a mesquita construíuse en 685 sobre un templo xudeu que fora destruído polos romanos no ano 70 a.C. Por iso, é un lugar sagrado tamén para o pobo xudeu⁽³²⁾. Para os fundamentalistas, o Anticristo ocupará o templo antes de que Xesucristo interveña durante outra dispensa da Tribulación, despois da Apocalipse⁽³³⁾.

É importante destacar que o establecemento do Estado israelí non é o camiño da Tribulación, senón un paso cara ela. Segundo a interpretación fundamentalista de Mateo (24:34-35) que di: “Eu asegúrovos que non pasará esta xeración ata que todo isto suceda. O ceo e a terra pasarán, pero as miñas palabras non pasarán.” Entón, crese que en calquera momento as dispensas poden comezar, antes de que morra toda a xeración que viu o establecemento do Estado israelí.

A primeira dispensa é o ascenso do Anticristo. O Anticristo será un protagonista clave durante os sete anos da Tribulación. Terá poder de alcance mundial, será un protagonista clave durante a Apocalipse e, ao final, perderá contra Deus. Segundo os fundamentalistas, xa son visibles varios sinais do ascenso do Anticristo. En primeiro lugar, se o Anticristo é alguén con moito poder sobre o mundo, eles identificaranno co secretario xeral das Nacións Unidas. Ademais, segundo a Apocalipse (17:13), “Estes (os reis das nacións) están todos de acordo en entregar á Besta (o Anticristo) o poder e a potestade que eles teñen”.

Aparte do “perigo” da ONU, outro sinal é a Unión Europea. A moeda única europea e a dolarización de varias economías latinoamericanas tamén é unha mostra da concentración de poder que se consolidará nun futuro próximo na ONU⁽³⁴⁾. Para os fundamentalistas, o Tratado de Roma indica que o Anticristo será un político europeo. A Apocalipse (17:9) menciona os sete cerros de Babilonia, onde senta a muller da besta, e Roma ten sete cerros⁽³⁵⁾. Ademais, en Daniel (9:26-27) anunciase que o Anticristo será de orixe romana, ou mediterránea⁽³⁶⁾. Segundo a doutrina fundamentalista, a visión de Daniel (11:36-39) explica que o Anticristo será egoísta, prepotente e blasfemo. Será un segrar cun gran poder militar e controlará as finanzas mundiais.

A segunda dispensa é o *Rapture* (Rapto). Este evento é moi pouco coñecido pola maioría dos outros grupos cristiáns non evanxélicos⁽³⁷⁾. Segundo a doutrina, no Rapto, o Señor levará, fisicamente, a todos os crentes, mortos ou vivos, ao Ceo. A pesar de que a palabra “Rapto” nunca aparece na Biblia, os fundamentalistas cren que a Primeira Epístola aos Tesalonicenses (4:16-17) anuncia o evento: “O Señor mesmo, á orde dada pola voz dun arcanxo e pola trompeta de Deus, baixará do ceo, e os que morreron en Cristo resucitarán no primeiro lugar. Despois nosoutros, os que vivimos, os que quedamos, seremos arrebatados en nubes, xunto con eles, ao encontro do Señor nos aires. E así estaremos

(32) HALSELL, Grace: Op.Cit., p94.

(33) LaHAYE, Tim e JENKINS, Jerry B.: Op.Cit., pp128-129.

(34) LaHAYE, Tim e JENKINS, Jerry B.: Op.Cit., pp198-201.

(35) *Behold the Rapture*, Op.Cit., p27.

(36) LaHAYE, Tim e JENKINS, Jerry B.: Op.Cit., p277.

(37) JENSON, Joseph, Op.Cit.: p298.

sempre co Señor”. Como os fundamentalistas interpretan a Biblia dunha maneira literal, cren que, en calquera momento, no Rapto, poderían ser collidos e levados ao Ceo⁽³⁸⁾.

Durante os primeiros tres anos e medio da Tribulación morrerá a metade da poboación do planeta, que quedara atrás, é dicir, que non era cristiá. O mundo sufrirá pragas, os meteoritos destruírán cidades coñecidas, e se envelenarán os mares⁽³⁹⁾. Mentres tanto, o Anticristo negociará un tratado de paz con Israel e ocuparase do novo templo reconstruído⁽⁴⁰⁾. O Anticristo enganará ao mundo para cristalizar o seu poder. Daniel (9:27) di: “El (o Anticristo) concertará con moitos unha firme alianza durante unha semana; e durante a metade dunha semana fará cesar o sacrificio e a oblación (que os xudeus volverán a practicar no novo templo), e na ala do Templo estará a abominación da desolación ata que a ruína decretada se derrame sobre o desolador”.

Para que se realice a Segunda Vinda, o Anticristo ten que aparecer e ocupar o templo. Por iso, os fundamentalistas apoian moral e economicamente aos xudeus extremistas no seu intento de reocupar o sitio onde previamente estiveron os dous templos. De feito, hai grupos cristiáns en EEUU que traballan para conseguir a destrución da mesquita de Al-Aqsa. Reúnen diñeiro de fundamentalistas cristiáns para pagar o traballo dos extremistas israelís⁽⁴¹⁾. A toma de posesión do templo pode ocorrer agora o despois do Rapto, pero debe acontecer antes de que se inicie a batalla final.

Aos tres anos e medio da Tribulación, polo engano e o mal do Anticristo, segundo as interpretacións particulares da Biblia da doutrina fundamentalista, unha alianza de Estados invadirá Israel. Rusia será o líder deste conxunto bélico⁽⁴²⁾. A invasión está anticipada en Ezequiel (38:8-9, 15-16; 39:2, 7): “Ao cabo de moitos días, recibirás ordes. Despois de moitos anos, marcharás cara á terra cuns habitantes que escaparon á espada e foron congregados entre unha multitude de pobos nos montes de Israel, que foran un deserto permanente. Dende que foron separados dos outros pobos, ti (Rusia) subirás, avanzarás como un furacán, como un neboeiro que cubrirá a terra, ti e todas as túas tropas, e os numerosos pobos que están contigo (...) Virás do teu lugar, do extremo norte, ti e numerosos pobos contigo, todos montados a cabalo, enorme tropa, exército innumerable. Subirás contra o meu pobo Israel como un nubrado que recobre a terra. Será ao fin dos días (é dicir, durante a Tribulación); eu fareite vir entón contra a miña terra para que as nacións me coñezan, cando eu manifeste a miña santidad aos seus ollos, a costa túa, Gog (Rusia) (...) Eu fareite volver, conducireite, fareite subir dende o extremo norte e guiareite aos montes de Israel (...) Manifestará o meu santo nome en medio do meu pobo Israel, non deixarei que volva a ser profanado o meu santo nome, e as nacións saberán que eu son Yahvéh, santo en Israel”.

(38) WACKER, Grant: Op.Cit., pp48-52. O Rapto pode ocorrer antes ou despois do ascenso do Anticristo. Hai desacordo entre os varios grupos fundamentalistas sobre a orde exacta das dispensas. Uns cren que o Rapto será a primeira dispensa que inicia a Tribulación, mentres outros autores alegan que ocorrerá ao remate dela.

(39) LaHAYE, Tim e JENKINS, Jerry B.: Op.Cit., pp193-194.

(40) LaHAYE, Tim e JENKINS, Jerry B.: Op.Cit., pp126-128.

(41) HALSELL, Grace: Op.Cit., 2002, pp63-73; HALSELL: Grace, Op.Cit., 1986, pp96-116.

(42) JENSON, Joseph: Op.Cit., p294; WACKER, Grant: Op.Cit., p48.

É difícil de imaxinar, pero os fundamentalistas cren que a Biblia, a palabra de Deus, afirma que se producirá este ataque iniciado por Rusia contra Israel, que se atopa baixo o control do Anticristo. Daniel (11:40-45) dinos quen formarán parte da coalición: “Ao tempo do Fin, o rei do Mediodía enfrontarase a el, o rei do Norte irromperá contra aquel con carros, xinetes e numerosas naves. Entrará nas súas terras, as invadirá e atravesará. Virá á Terra do Esplendor (Israel), onde caerán moitos, pero das súas mans escaparán os seguintes: Edom, Moab e os restos dos fillos de Ammón. Estenderá a súa man sobre os países: nin o país de Exipto escapará. Apoderarase dos tesouros de ouro e prata e de todos os obxectos preciosos de Exipto. Libios e kusitas pisarán as súas pegadas. Pero noticias chegadas do Oriente e do Norte turbaranlle; saldrá entón con gran furor, con ánimo de destruír e exterminar a moitos. Plantará as súas tendas reais entre o mar e o santo monte da Terra do Esplendor. Entón chegará ao seu fin e ninguén virá na súa axuda”.

Para os fundamentalistas, o rei do norte é o presidente ruso e o rei do sur será un líder do mundo árabe. Alegan que o lazo que existe entre Rusia e o mundo árabe é o odio mutuo a Israel⁽⁴³⁾. A gran batalla, a Apocalipse, entre o Anticristo e a alianza, empeza no monte de Meguedo en Israel⁽⁴⁴⁾. Ao final do ataque ruso, quedarán vivos soamente 144.000 xudeus que se converterán ao cristianismo, como “testemuñas” de Xesucristo, o seu Mesías⁽⁴⁵⁾. Pero, segundo a profecía, o Anticristo derrotará aos rusos e, xusto despois, 200 millóns de chinos invadirán Israel unha vez se seque o río Eúfrates⁽⁴⁶⁾. En total, os combates durarán tres anos e medio o que, unido aos primeiros tres anos e medio nos que morrerá a metade da poboación mundial, sumarán os sete anos que dura a Tribulación. Pero os chinos non chegarán a destruír Israel porque intervirá Xesucristo para salvar aos 144.000 xudeus, para vulgar a todos os vivos e mortos que non foran ao Ceo no Rapto e para establecer o Reinado de Mil Anos de Deus na Terra⁽⁴⁷⁾. É este novo reino de Deus na Terra o que esperan os fundamentalistas cristiáns e, por iso, o pobo xudeu ocupa un papel fundamental.

Consideracións futuras

As dúas partes, é dicir, os fundamentalistas e a comunidade xudea, recoñecen abertamente que non están de acordo coas ideas da outra parte. Os xudeus usan a relación para conseguir fondos, para manter e ampliar a rede de asentamentos en territorio palestino e para manter a súa influencia política en EEUU⁽⁴⁸⁾.

(43) LaHAYE, Tim e JENKINS, Jerry B.: Op.Cit., p87; Tamén, Ezequiel (30:5) di “Kuš, Put e Lud, toda Arabia e Kub, e os fillos da miña alianza, caerán con eles a espada”.

(44) Apocalipse (16:16) di: “Os convocaron no lugar chamado en hebreo Harmagedón”. En hebreo, o prefixo har significa monte, Meguedo é o nome do monte.

(45) HALSELL, Grace: Op.Cit., 2002, p81.

(46) JENSON, Joseph: Op.Cit., p294.

(47) WACKER, Grant: Op.Cit., p48.

(48) WAGNER, Donald E.: Op.Cit., p23.

Os cristiáns usan ao pobo xudeu como catalizador bíblico para ser “raptados” ao Ceo antes da Apocalipse. Segundo a ideoloxía cristiá, ao fin e ao cabo, o pobo xudeu terá dúas opcións: converterse ao cristianismo ou morrer⁽⁴⁹⁾. Polo momento, comparten os mesmos intereses, como o benestar de Israel, aínda que cada grupo cre que o outro se equivoca.

A pesar da presenza e potencia do cristianismo en EEUU, é importante admitir que non todos os cristiáns estadounidenses observan a doutrina fundamentalista. Pero non hai dúbida de que o apoio do goberno americano a Israel é froito, en parte, desta ideoloxía. Entre 1948 e 1995, o goberno estadounidense outorgou 62.500 millóns de dólares en axuda económica ao goberno israelí. É máis, en 1967, durante a Guerra dos Seis Días, mentres Israel invadiu e ocupou territorio palestino, exipcio e sirio, a forza aérea israelí atacou ao USS Liberty, un buque de vixilancia estadounidense situado en augas internacionais no mar Mediterráneo. Morreron 34 membros da tripulación e 174 resultaron feridos. O presidente Lyndon Johnson non respondeu militarmente, nin siquiera verbalmente. Non quixo criticar, nin moito menos castigar, a Israel ante os cidadáns estadounidenses⁽⁵⁰⁾.

Todo presidente estadounidense desde Truman, fora republicano ou demócrata, mantivo unha relación moi especial con Israel. Ven sendo así en parte porque a opinión pública americana, tanto a xudea como a cristiá extremista, insistiu en que o goberno apoiase cegamente ao Estado israelí. Non se sabe ata que punto todos e cada un dos presidentes crían nesas ideas do Rapto, a Tribulación e a Segunda Vinda, pero algúns deles fixeron referencias á doutrina. Así, Reagan dixo en 1980 que era posible que a súa xeración padecese a Apocalipse⁽⁵¹⁾. En 1983, o secretario de Interior da Administración Reagan afirmou ante o comité de Interior da Cámara de Representantes que non era necesario preservar os recursos medioambientais porque non se sabía cantas xeracións vivirían antes de que a Segunda Vinda chegase⁽⁵²⁾.

Non se sabe qué pensa o actual presidente a propósito do asunto. Pero Bush sabe sen dúbida como pensa o núcleo duro do seu partido. De feito, durante o seu primeiro mandato, Bush tiña un redactor evanxélico, Michael Gerson, coa función principal de engadir unha linguaxe fundamentalista a cada discurso do presidente, para intentar manipular a opinión pública sobre a invasión a Iraq⁽⁵³⁾. A pesar da ausencia do apoio evanxélico para a súa “Folla de Ruta”, que avoga pola creación dun Estado palestino (unha blasfemia segundo os fundamentalistas), Bush gañou as eleccións, grazas ao “seu liderado” no ámbito exterior e o voto evanxélico, contra o católico (é dicir, “herexe”) de John Kerry.

(49) JEWETT, Robert: *Jesus Against the Rapture: Seven Unexpected Prophecies*, Westminster John Knox Press, Philadelphia, Pennsylvania, 1979, p11.

(50) CHOMSKY, Noam: *Fateful Triangle: The United States, Israel, and the Palestinians*, South End Press, Cambridge, Massachusetts, 1999, pp31-32 e pp449-450.

(51) HALSELL, Grace: Op.Cit., 2002, p21.

(52) HALSELL, Grace: Op.Cit., 2002, p103.

(53) WOODWARD, Bob: *Plan of Attack*, Simon & Schuster, New York, 2004, pp83-89.

Durante o seu segundo e actual mandato, parece que Bush vai a actuar nos asuntos internos, coma fixo durante as eleccións pasadas, evitando que os republicanos teñan que enfrontarse co tema de Iraq; mentres tanto, a nova xeración de políticos fundamentalistas loita entre si sobre temas tamén de moita importancia evanxélica como o aborto, a eutanasia, o nomeamento de xuíces conservadores, o matrimonio gay, a privatización da seguridade social e, por último, a propagación da democracia polo Oriente Medio. O político que gañe ese conflito interno, dentro do partido conservador, quizais sexa o candidato republicano nas eleccións do 2008.

***Jared D. Larson** é posgraduado en Dereito Internacional e Relacións Internacionais da Universidade Complutense de Madrid e licenciado en Ciencias Sociais pola Emporia State University, onde actualmente exerce como profesor.*

Bibliografía

- AMIS, Martin: *En el Palacio final*, El País, 11/03/2003, pp15-16.
- ANONYMOUS (SCHEUER, Michael): *Imperial Hubris: Why the West is Losing the War on Terrorism*, Brassey's, Inc, Washington, DC, 2004.
- Behold the Rapture*, The Economist, vol 364, nº 8.287, 24/08/2002, p27.
- BLUMENTHAL, Max: *The Christian Right's Humble Servant*, Altnet, 15/11/2004, <http://www.altnet.org/election04/20499/>.
- CAMPOS GONZÁLEZ, J.D., SÁNCHEZ RODRÍGUEZ L.I. y SÁENZ DE SANTA MARÍA, P.A.: *Curso de Derecho Internacional Público*, Civitas, Madrid, 2002.
- CHOMSKY, Noam: *Fateful Triangle: The United States, Israel, and the Palestinians*, South End Press, Cambridge, Massachusetts, 1999.
- GONZÁLEZ, Enric: *La fe marca el paso de Bush*, El País, 12/02/2003, p4.
- HALSELL, Grace: *Forcing God's Hand: Why Millions Pray for a Quick Rapture and Destruction of Planet Earth*, Amana Publishing, Beltsville, Maryland, 2002.
- HALSELL, Grace: *Prophecy and Politics: Militant Evangelists on the Road to Nuclear War*, Lawrence Hill & Company, Westport, Connecticut, 1986.
- HOGAN, Michael J. e PATTERSON, Thomas G. (eds): *Explaining the History of American Foreign Relations*, Cambridge University Press, New York, 1991.
- HOLSTI, K.J.: *International Politics: A Framework for Analysis*, Prentice Hall, Englewood, New Jersey, 1995.
- HUNTINGTON, Samuel P.: *The Clash of Civilizations and the Remaking of World Order*, Touchstone, New York, 1996.
- JENSEN, Lloyd: *Explaining Foreign Policy*, Prentice-Hall, Englewood Cliffs, New Jersey, 1982.
- JENSON, Joseph: *What are They Saying about Armageddon?*, Currents in Theology and Mission, vol 13, nº 5, octubre 1986, pp292-301.
- JEWETT, Robert: *Jesus Against the Rapture: Seven Unexpected Prophecies*, Westminster John Knox Press, Philadelphia, Pennsylvania, 1979.
- KIMBALL, Charles: *When Religion Becomes Evil*, Harper, San Francisco, 2002.
- KRISTOF, Nicolas D.: *God, Satan and the Media*, The New York Times, 04/03/2003, pA25.
- LaHAYE, Tim y JENKINS, Jerry B.: *Are We Living in the End Times?*, Tyndale House Publishing, Wheaton, Illinois, 1999.
- McCORMICK, James M.: *American Foreign Policy and American Values*, F.E. Peacock Publishers, Inc, Itasca, Illinois, 1985.
- PRICE, Randall: *Fast Facts on the Middle East Conflict*, Harvest House Publishing, Eugene, Oregon, 2003.
- SHAW, Malcolm N.: *International Law: Fourth Edition*, Cambridge University Press, Cambridge, 1997.
- The Fight for God*, The Economist, vol 365, nº 8.304, 21/12/2002, pp62-64.

WACKER, Grant: *Planning Ahead: The Enduring Appeal of Prophecy Belief*, The Christian Century, 19/01/1994, pp48-52.

WAGNER, Donald E.: *The Evangelical-Jewish Alliance: Marching to Zion*, The Christian Century, 28/06/2003, pp20-24.

WOODWARD, Bob: *Plan of Attack*, Simon & Schuster, New York, 2004.